

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO
2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES
3. OBXECTIVOS
4. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS
6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.
7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.
8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS Ó CENTRO.
9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓNS DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.
10. PROCESO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

A atención á diversidade constitúe un reto necesario de resposta de educación de calidade en todo centro escolar. O concepto de diversidade evolucionou a medida que a escola pasou de modelos segregacionistas e limitadores para dar paso a unha escola integradora máis tolerante e inclusiva, na que se recoñece a heteroxeneidade como algo positivo e enriquecedor no marco da calidade total.

O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais ...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferencias se convertan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado.

A diversidade é a adaptación ás necesidades de tódolos alumnos, o que implica facer adaptacións precisas nos elementos do proxecto curricular e nas programacións de aula.

As decisións que se tomen no centro tratarán de dar resposta á totalidade do alumnado para individualizar a ensinanza na aula.

O noso centro asume o tratamento á diversidade establecendo estratexias e medios educativos que permitan o desenvolvemento óptimo de todo o alumnado, adaptando para elo os elementos do currículo e provéndoo dos servizos necesarios. Para iso, o currículo será aberto e flexible, que favoreza o “aprender a aprender”, de acordo coas características e peculiaridades de todo o alumnado.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CC.AA de Galicia dispón que:

a) O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado. (art. 10).

b) Os Departamentos de Orientación, ou os recursos equivalentes nos centros privados concertados, serán os responsables de elaborar, de acordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos departamentos e/ou equipos de ciclo, a proposta do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que trasladarán ao equipo directivo. (art. 11.1).

c) O Plan Xeral de Atención á Diversidade será aprobado polo Consello Escolar, por proposta do claustro do profesorado, e pasará a formar parte do Proxecto Educativo. (art. 11.2).

d) O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade. (art. 11.3).

e) Ó comezo de cada curso escolar, o Departamento de Orientación dos centros elaborará a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que debe formar parte da Programación Xeral Anual. (art. 11.4).

f) Os artigos 71 a 75 da orde 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado en centros docentes da CCAA de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Artigo 71. Concepto de Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Artigo 72. Contido e estrutura do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Artigo 73. Procedemento de elaboración e aprobación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Artigo 74. Concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Artigo 75. Seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Artigo 76. Supervisión do Plan xeral de Atención á Diversidade e da súa concreción anual.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

O CEIP Ponte de Xubia está situado no Concello de Narón. É un concello situado na provincia de A Coruña e limita cos concellos de Neda, Valdoviño, San Sadurniño e Ferrol.

O alumnado é da zona próxima á escola xa que non se dispón de servizo de transporte escolar.

O centro consta dunha soa liña e ten os seguintes cursos:

- 4º Educación Infantil
- 5ª Educación Infantil
- 6º Educación Infantil
- 1º Educación Primaria
- 2º Educación Primaria
- 3º Educación Primaria
- 4º Educación Primaria
- 5º Educación Primaria
- 6º Educación Primaria

Tódolos cursos realízase unha avaliación inicial que é un bo instrumento para a detección e identificación de necesidades académicas entre o alumnado.

Despois de terminada a avaliación inicial realízase unha reunión de avaliación para determinar os resultados e tomar medidas.

De ditos resultados percíbese que as principais necesidades son:

- a) Mellorar a comprensión lectora.
- b) Mellorar o grao de esforzo do alumnado
- c) Mellorar o cálculo e a resolución de problemas
- d) Mellorar a autonomía

3. OBXECTIVOS

Obxectivos co alumnado:

- Aceptar e valorar as diferenzas do alumnado como un feito de enriquecemento na comunidade educativa.
- Adecuar a resposta educativa á diversidade do alumnado, levando a cabo medidas que vaian dende cambios organizativos no centro ata modificacións no currículo.
- Promover a funcionalidade e significatividade das aprendizaxes a partir dos intereses e vivenzas do alumnado.
- Potenciar a confianza nas súas posibilidades para alcanzar unha adecuada autoestima.
- Valorar a importancia que ten a boa convivencia e crear un ambiente de traballo e compañeirismo que axude a mellorar o desenvolvemento persoal, social e cognitivo dos nenos e nenas.

Obxectivos co profesorado:

- Potenciar a coordinación entre as liñas de actuación das distintas persoas que interveñen no proceso educativo de cada alumno.
- Promover a creación e difusión entre o profesorado de extratexias educativas...

Obxectivos coas familias:

- Crear un clima de cooperación centro-familia para favorecer o desenvolvemento do alumnado.
- Asesorar ás familias sobre pautas educativas, recursos sociais, sanitarios...

4. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

4.1. Medidas

Medidas ordinarias:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro e da aula (horarios, espazos...).
- Adecuación das programacións didácticas ó contorno do alumnado.
- Metodoloxía colaborativa, titoría entre iguais...
- Adaptación dos tempos, instrumentos...
- Desdoblamento de grupos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Etc.

Medidas extraordinarias:

- Adaptacións curriculares
- Apoio da mestra de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.

4.2. Programas de Atención á Diversidade

Educación Infantil.

É necesario o deseño e a aplicación dun plan de atención á diversidade que contemple un proceso de ensino-aprendizaxe o máis personalizado posible, dirixido ó logro e consecución do desenvolvemento das capacidades de todos o alumnado tendo en conta as súas características persoais.

Obxectivos:

- Incorporar o maior número de alumnado ó ritmo xeral da aula.
- Prestar atención individualizada ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (neae).

Metodoloxía:

Desenvolver unha metodoloxía integradora no que participe toda a comunidade educativa e o equipo de orientación. Ter apoio do mestre/a de Educación Infantil. Para isto, hai que determinar o nivel de partida de cada alumno/a, marcar obxectivos e preparar actividades personalizadas e unha avaliación continua.

Utilizar diferentes formas de traballo:

- Forma de traballar en infantil: gran grupo, pequeno grupo e traballo individual.
- Gran grupo: trabállase o desenvolvemento da linguaxe, a adquisición de vocabulario, formación correcta de frases, respectar a quenda de palabra...
- Pequeno grupo: traballo por rincóns. Estimúlase a imaxinación e creatividade. Aprender a compartir e a resolver conflitos. Permite flexibilizar o tempo e detectar necesidades.
- Traballo individual: permite comprobar o nivel do alumno e proporcionar unha maior atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (neae).

Educación Primaria

Obxectivos de 1º e 2º:

- Desenvolver a autonomía na realización de todo tipo de actividades.
- Dar resposta a aquel alumnado con maior necesidade para conseguir os obxectivos mínimos.
- Potenciar o desenvolvemento cognitivo e psicoevolutivo do alumno/a.

Obxectivos de 3º a 6º:

- Atender as necesidades individuais de todos o alumnado para favorecer a súa integración no grupo-clase.
- Adecuar a resposta educativa á diversidade do alumnado, ofrecendo apoio e actividades de reforzo ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (neae) para conseguir os obxectivos mínimos da Educación Primaria.

Metodoloxía:

Os procesos de ensino-aprendizaxe realizaranse de forma individualizada e personalizada. Para iso, desenvolverase unha metodoloxía integradora na que participe toda a comunidade educativa e o D.O.

Os apoios e o reforzo educativo ordinario será levado a cabo polo profesorado do mesmo curso ou de diferente curso, dependendo da dispoñibilidade horario.

Aula de PT/AL.

Asistirán a apoio cos especialistas de PT e/ou AL o alumnado con n.e.a.e. cando, tras a valoración dos resultados da avaliación psicopedagóxica, o D.O. aconselle adoptar esta medida extraordinaria unha vez esgotadas as ordinarias ou por resultar insuficientes.

Os titores/as serán os encargados de realizar a solicitude de intervención dun determinado alumno/a susceptible desta ou outra medida extraordinaria. No departamento hai un modelo (realizado polo departamento) para cubrir coa solicitude de intervención que se entrega cada curso a todos os titores/as na avaliación inicial.

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

Coa finalidade de poñer en funcionamento as medidas propostas establécense:

a) Criterios para garantir a coordinación vertical e horizontal das programacións das diferentes áreas:

- Tomando como referente o currículo establecido para cada etapa educativa nos correspondentes decretos, cada equipo de ciclo, baixo a dirección do seu coordinador ou coordinadora, elaborará a correspondente programación didáctica (artigos 56 e 57 do Dto. 374/1996).

- O profesorado de cada nivel elaborará a programación da súa área (programación de actividades e tarefas) partindo da concreción curricular do ciclo (artigo 58 do Dto. 374/1996 e Capítulo II, 2 da Orde do 22 de xullo de 1997). Esta programación deberá realizarse conxuntamente no caso de niveis que contén con máis dun curso ou grupo e con profesorado distinto para impartir a mesma área.

- A Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) establecerá os criterios para que a concreción curricular das distintas etapas que se impartan no centro, de ser o caso, garantan unha continuidade das ensinanzas e unha coherencia das metodoloxías.

b) Criterios para garantir a adaptación dos tempos e dos instrumentos de avaliación ás circunstancias do alumnado:

- O profesorado deberá axustar os seus procesos de ensino e de avaliación ao que, de ser o caso, se estableza no informe psicopedagóxico de cada un dos alumnos ou alumnas que atende.

- A adaptación dos tempos, procedementos e instrumentos de avaliación deberá constar na correspondente programación de área. (Decreto 229/2011)

c) Criterios para promover a equidade na adscrición do alumnado

(naqueles casos en que exista un desdobre):

Os criterios que teremos en conta son os seguintes:

1. O agrupamento do alumnado será por orde alfabética.
2. Procurarase manter unha proporción de xénero.
3. Procurarase que exista un equilibrio de idade nas distintas unidades, de xeito que en todas elas alterne alumnado de maior idade co de menor.
4. Procurarase, agás casos de aulas con alumnado con NEE necesitado de A.C. –non altas capacidades intelectuais-, manter unha proporción de ratio.
5. As novas incorporacións, de producirse, irán para a unidade con menor número de alumnado, tendo en conta:

- se hai alumnado con necesidade específica de apoio educativo (neae).
- se hai alumnado con problemas de conduta.

No caso de que a clase teña alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, consultarase coa orientadora, titores, especialistas e profesorado implicado nas dúas aulas.

De ser igual o número, a incorporación realizarase por orde alfabética das aulas.

6. O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e os repetidores serán repartidos en partes iguais nas dúas aulas, empregando o criterio da orde alfabética. Pero polas características do alumnado, contarase coa información e o asesoramento do Departamento de Orientación e do profesorado que lles dea clase.

d) Criterios para adaptar a distribución dos recursos humanos (profesorado) ao conxunto do alumnado:

Segundo a Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Universitaria, a directora, por proposta da xefa de estudos, no primeiro claustro de curso, asignaralle ciclo, curso e grupo de alumnos/as a cada un dos mestres/as.

A proposta da xefa de estudos construírse sobre as tres premisas seguintes:

1. Prestarlle a mellor atención posible ás necesidades do alumnado do centro.
2. Rentabilizar, ao máximo, o capital humano dispoñible, actualizando o potencial creativo do grupo de mestres/as do centro.
3. Consensuar a proposta facilitando o contraste de pareceres e a concorrencia de capacidades e esforzos.

No caso de non acadar o consenso do profesorado, a xefa de estudos fará a súa proposta sobre os seguintes criterios:

1. Respetar en todo caso o posto de traballo e/ou a especialidade que cada mestre/a teña asignado pola súa adscrición ao centro.
2. Respetar o dereito de cada grupo de alumnos/as a manter o titor/a durante todo o ciclo.
3. No suposto de que nun centro haxa varios aspirantes ao mesmo ciclo ou curso, a proposta de adscrición farase de acordo coa seguinte orde de prioridades:
 - a) Maior antigüidade como propietario definitivo no centro.
 - b) Maior antigüidade no corpo.
 - c) Menor número de rexistro persoal ou de orde de lista.

Excepcionalmente, cando o equipo directivo crea que existen razóns pedagóxicas suficientes para obviar o criterio de permanencia co mesmo grupo de alumnos no ciclo, a directora poderá asignarlle outro ciclo, curso ou área, oídos o interesado/a e o claustro e coa conformidade da inspección educativa.

Establecemos que, como norma xeral, non é convinte que un mesmo titor/a continúe co mesmo grupo de alumnos/as ao cambiar de ciclo, se xa estivo con ese grupo de alumnos/as durante todo o ciclo anterior.

A titoría de cada grupo recaerá preferentemente no mestre/a que teña maior horario semanal con dito grupo.

A asignación de titorías aos especialistas farase sempre sobre os que teñan máis horas dispoñibles, procurando, ao mesmo tempo, que impartan o máximo de horas de docencia no grupo do que vai ser titor/a.

Como norma xeral, todo o profesorado contará con dúas horas de libre disposición para atender as gardas e demais incidencias. As posibles horas “libres” que excedan deberán formar parte da oferta educativa que se presente para a adscrición do profesorado ao comezo de curso, concretándose na prestación de apoio na aula ás unidades que así o demanden, priorizando os cursos inferiores fronte aos superiores e tendo en consideración:

1. Maior número de alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
2. Programas educativos específicos.
3. Maior número de alumnado con medidas de reforzo educativo.

A cobertura das horas de apoio será realizada pola xefatura de estudos coa colaboración da xefa do departamento de orientación.

e) Criterios para a utilización dos servizos de apoio (PT e/ou AL):

Entendendo por servizos de apoio do profesorado especialista de PT e/ou AL que obtivo destino por medio desa especialidade, a distribución dos seus servizos non terá en conta a etapa educativa na que estea o alumno e realizarase atendendo aos seguintes criterios prioritarios:

1. O alumnado con AC.
2. Alumnado con neae permanente aínda que non conte con AC.
3. O alumnado pendente dun diagnóstico concreto, pero que a orientadora considere suxeito de atención das especialistas.
4. O alumnado que contou o curso anterior con apoio.
5. O alumnado con problemas graves de conduta que impidan o normal desenvolvemento da clase.
6. O alumnado con problemas de aprendizaxe non permanente.
7. Alumnado con alteracións da linguaxe e da fala.

O número de sesións asignadas a cada alumno/a decidírase no Departamento de Orientación en función das dificultades e necesidades que presenten e o número de alumnado a atender.

Ao remate de cada curso, o profesorado de PT e/ou AL informará por escrito desas medidas, segundo o modelo de informe que se recolle na orde do 8 de setembro de 2021.

f) Criterios para a solicitude ou demanda dunha avaliación psicopedagóxica:

Para a solicitude de avaliación psicopedagóxica por parte da Xefatura do Departamento de Orientación establécese o seguinte procedemento:

1. A solicitude de intervención da xefatura do departamento de orientación poderá realizarse polo profesorado titor, pola familia ou polo propio Servizo de Inspección Educativa.

2. As solicitudes de intervención procedentes do profesorado titor/a ou da propia familia deberán realizarse por escrito, segundo o modelo de solicitude establecido pola xefatura do departamento de orientación.

g) Criterios para a elaboración dun programa de acollida:

O programa de acollida terá en consideración:

1. O alumnado que se incorpora por primeira vez ao centro, sexa por ser de nova escolarización, sexa por traslado desde outro centro.

2. O profesorado de nova incorporación.

h) Criterios para a oferta de medidas de reforzo educativo:

A oferta de medidas de reforzo educativo atenderá aos seguintes criterios:

1. Serán de oferta ao alumnado repetidor e o que promocióne sen ter acadados os obxectivos.

2. Serán de oferta ao alumnado con avaliación trimestral negativa nalgunha área.

3. Serán responsabilidade do profesorado que imparte a área, quen informará ao mestre ou mestra titora.

4. O profesorado titor/a informará á familia das medidas de reforzo educativo a aplicar.

5. Ao remate de cada curso, a mestra ou o mestre titor deixará constancia desas medidas no informe individualizado do alumno, seguindo o modelo da orde do 8 de setembro de 2021.

i) Criterios para a oferta de adaptación do currículo:

Considerando o establecido na normativa que regula as adaptacións curriculares, a oferta desta medida ao alumnado axustarase aos seguintes criterios:

1. Tratarse de alumnado con necesidades específica de apoio educativo cun desfase curricular de dous ou máis niveis ou cursos con respecto ao nivel ou curso no que está matriculado.

2. Tratarse de alumnado cunha discapacidade física ou sensorial que lle impida acceder a algún elemento prescriptivo do seu currículo de referencia.

3. Que esa medida se propoña no informe psicopedagóxico elaborado pola xefatura do departamento de orientación.

4. Que esa medida se recolla en acta de reunión do equipo docente e a xefatura do departamento de orientación coa xefatura de estudos.

5. Que as áreas a adaptar se realicen no marco (modelo) acordado polo centro.

6. Que a familia estea informada e manifieste conformidade coa medida.

j) Criterios para o deseño dun modelo no que planificar ás áreas dunha adaptación curricular:

As áreas dunha adaptación curricular deben seguir o mesmo modelo de planificación. O modelo será o establecido na orde do 8 de setembro de 2021 e deberá:

1. Facer visibles o currículo de referencia e o currículo adaptado.

2. Definir con precisión as competencias adquiridas respecto do currículo de referencia.

3. Considerar o grao de desenvolvemento das competencias básicas e a súa avaliación.

4. Establecer con precisión os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación do currículo adaptado.

5. Incluir os criterios de promoción para este alumno/a.

6. Realizar unha proposta dos recursos a usar.

k) Criterios para a oferta de flexibilización ao alumnado con altas capacidades intelectuais e ao que presenta necesidades educativas especiais:

Os criterios para a redución ou ampliación do tempo de escolarización do alumnado identificado, respectivamente, con altas capacidades intelectuais ou con necesidades específicas de apoio educativo axustaranse ao establecido na normativa que regula esas medidas.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

A) O equipo directivo deberá:

- Garantir que se cumpren os criterios establecidos para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

- Dar cumprimento á proposta de prestación de apoio do profesorado de PT e/ou AL realizada polo D.O.

- Convocar e presidir as reunións de coordinación.

B) O Departamento de Orientación:

- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e desenvolver programas específicos de intervención.

- Elaborar o Plan de Acción Titorial, así como coordinar ó profesorado.

- Participar na elaboración dos proxectos de centro, indicindo nos criterios de carácter organizativo e pedagógico para a atención ó alumnado con n.e.a.e.

- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presente o alumnado.

- Facilitarlle ó alumnado o apoio e asesoramento necesarios.

- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, técnicas de dinámica de grupos...

- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.

- Aquelas outras que a administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

c) Funcións da xefa do departamento de orientación:

- Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento.

- Participar na elaboración do proxecto educativo.

- Convocar e presidir as reunións do departamento.

- Facilitar a colaboración entre os membros do departamento de orientación.

- Participar nas sesións de avaliación.
- Coordinar a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (neae).
- Aquelas outras funcións que a administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

D) Funcións do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

- Asistir ás reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Orientar ó profesorado que lle imparta docencia ó alumnado con n.e.a.e, así como ás súas familias.
- Colaborar co profesor-titor e co resto do profesorado na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo.
- Participar nas sesións de avaliación.
- Prestarlle atención docente directa ó alumnado con n.e.a.e

E) Os/as titores/as

- Realizar unha avaliación inicial individualizada a principio de curso.
- Participar no desenvolvemento do PAT (Plan Acción Titorial) baixo a coordinación da xefa de estudos, contando coa colaboración do D.O.
- Seguimento das medidas de atención á diversidade propostas para cada alumno/a coa colaboración do profesorado do seu grupo, especialistas de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe así como da orientadora.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

Enténdese a coordinación como o establecemento da rede de conexións entre os distintos elementos que interveñen no proceso educativo, coa finalidade de dar continuidade ao traballo realizado con anterioridade e contribuír a que se acaden os obxectivos propostos. Do que se trata, en síntese, é de que se adapten todas as circunstancias (profesorado, recursos materiais, servizos externos, etc.) á realidade do alumnado.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, establece nun dos seus principios que *“A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais”*.

En consecuencia, enténdese que a coordinación interna debe considerar:

1. Un ámbito xeral, asentándose sobre:
 - a. Un proxecto educativo común.
 - b. Unha concreción curricular común.
 - c. Unha programación de ciclo-curso común.
2. Un ámbito concreto, que debe asentarse sobre:
 - a. A información existente nos documentos que conforman a carpeta do expediente do alumnado.
 - b. Os instrumentos de organización e xestión que elabore o centro, con claros criterios para o seu seguimento e avaliación.
 - c. O compromiso do claustro na definición de aspectos mínimos (xerais) sobre a metodoloxía, onde se considere ao alumnado parte activa da súa aprendizaxe e se promova o seu dominio das competencias básicas.
 - d. O consenso sobre a información que debe formar parte dos procesos de avaliación inicial.
 - e. A unificación dos modelos de informes de fin de ciclo e de fin de etapa, ademais dos de apoio e reforzo educativo citados noutros epígrafes.

Ademais do indicado, a coordinación entre as etapas de educación infantil e educación primaria e entre os ciclos desta etapa establécese neste centro da seguinte maneira:

- Nos primeiros días do mes de setembro, antes do comezo das clases, celebraranse reunións entre os titores do curso anterior e os que reciben ao seu alumnado para traspasar a información correspondente. Estas reunións serán programadas pola xefatura de estudos.
- No mes de outubro, realización previa convocatoria da xefatura de estudos da **avaliación 0** na que os equipos docentes analizarán os grupos que atenden a fin de artellar a mellor resposta educativa para os mesmos.

A colaboración ou coordinación cos centros de adscrición debe asentarse, cando menos, sobre:

1. O traslado de toda a información que debe acompañar o expediente do alumnado.
2. O intercambio de información entre as xefaturas dos departamentos de orientación dos distintos centros.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS Ó CENTRO.

O Decreto 229/2011 dispón que *“Os centros educativos promoverán a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado ...”* e que estas recibirán *“... información e asesoramento que lles axuden no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros”*.

En consecuencia, para dar contido a esa colaboración, establécense as seguintes accións:

1. Realización dunha reunión titorial xeral no mes de setembro.
2. Disponibilidade para a atención individual ás familias fóra do horario establecido.
3. Delegación no departamento de orientación para a elaboración de circulares informativas sobre o proceso de ensino e aprendizaxe e sobre a colaboración-participación das familias nese proceso.
4. Dende o D.O. manteranse as coordinacións oportunas cos Servizos Sociais e cos Servizos Sanitarios así como con outros D.O. e co E.O.E.

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

Para determinar a necesidade de solicitar unha medida extraordinaria de atención á diversidade seguirase o seguinte proceso:

- Solicitude por escrito do titor/a ó xefe do departamento de orientación xustificando a petición (cubriendo o modelo elaborado pola xefa do departamento de orientación).
- A xefa do departamento de orientación realizará a avaliación psicopedagóxica e realizará un informe coas conclusións de dita avaliación.
- Posteriormente, realizarase unha reunión do D.O. co titor/a para valorar os resultados e tomar a decisión máis recomendable.
- Comunicación dos resultados á familia do alumno (facendo un rexistro de dita reunión seguindo o modelo elaborado pola xefa do departamento de orientación).

10. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

Realizarase unha avaliación do funcionamento deste Programa coa finalidade de manter os aspectos que funcionaron correctamente e establecer os cambios pertinentes naqueles outros necesarios.

A avaliación do PXAD realizarase ó final de curso e recolleranse propostas de mellora que serán introducidas no curso seguinte.

Na avaliación do PXAD teranse en conta aspecto como:

- Os momentos
- Os instrumentos
- Os procedementos
- As persoas implicadas
- Ámbitos de traballo: pequeno grupo, gran grupo e grupo clase.

A avaliación dos diferentes aspectos está encamiñada a:

- Valorar o grao de consecución dos obxectivos fixados.
- Obter información relevante das características do contexto socioeducativo do alumnado.

Como criterios de avaliación para determinar a calidade do Plan estarán os seguintes:

- Adecuación do Plan ás necesidades do centro.
- Logros acadados según os obxectivos previstos.
- Adecuación da temporalización.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos membros da comunidade educativa.
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Con todos estes datos elaborárase a memoria final do curso que recollerá a análise e valoración de aspectos como:

- Os procedementos seguidos na elaboración, seguimento e avaliación do plan.
- As actuacións seguidas nos distintos ámbitos.
- As tarefas de coordinación interna.